

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN DE FERIAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE (EXPOURENSE) PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE INSTALACIÓN DUNHA PISTA DE ATLETISMO HIDRÁULICA CUBERTA NO RECINTO FEIRAL DE EXPOURENSE EN OURENSE.

En Santiago de Compostela, 11 de abril de 2016

REUNIDOS

O Sr. D. José Ramón Lete Lasa, Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias desconcentradas nos Secretarios Xerais dependentes da Presidencia, en virtude da Disposición Adicional Segunda do O Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

O Sr. D. _____, en calidade de presidente da Cámara de Comercio e Industria de Ourense, exerce as funcións de Vicepresidente Primeiro Executivo da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, en adiante Expourense, e polo tanto Representante Legal da mesma por ausencia do Presidente, tal e como se establece nos artigos 24 e 25 dos Estatutos desta Fundación. Que tomou posesión como membro do padroado en data 23 de xuño de 2010 e asumindo a representación de presidente da Cámara de Comercio e Industria de Ourense a tódolos efectos o 11 de decembro de 2014. En diante Expourense.

Actuando ambos coas facultades que os seus respectivos cargos e habilitacións lles confiren,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia sinala, no seu artigo 27. 22 a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do Deporte.

No exercicio da devandita competencia, o Parlamento de Galicia ditou a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, que no artigo 4 dispón que “no ámbito das súas respectivas competencias, as administracións públicas galegas fomentarán a práctica do deporte conforme aos seguintes principios: (...) j) A planificación e promoción dunha rede de instalacións deportivas que posibilate a xeneralización práctica da actividade deportiva”.

Pola súa parte, o artigo 9 da mesma norma establece que as competencias en materia de deporte das diferentes administracións públicas de Galicia exerceranse baixo os principios de cooperación, colaboración, coordinación e

información multilateral, e o seu artigo 6 recolle que, para o mellor exercicio das súas competencias, a Administración autonómica poderá subscribir convenios de colaboración coas demais administracións públicas e entidades públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva

Así mesmo, o Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, na redacción dada polo Decreto 60/2015, do 16 de abril, determina que a Secretaría Xeral para o Deporte é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de deportes, sen prexuízo das demais competencias que teña legal ou regulamentariamente atribuídas.

Estas competencias refírense en xeral a todas aquelas accións encamiñadas á mellora da actividade física e deportiva e da infraestrutura deportiva galega e concretamente ao estudo e planificación das liñas de actuación no ámbito das infraestruturas deportivas e a colaboración coas entidades deportivas relativas a infraestruturas e adquisición de equipamentos.

Segundo.- O Recinto Feiral de Expourense foi aberto en 1996, despois de que a Fundación que o impulsou se constituíra o 24 de decembro de 1992. Os patróns e socios fundadores foron a Xunta de Galicia (Consellería de Industria e Comercio), Concello de Ourense, INORDE (Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico), Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense e a Confederación de Empresarios de Ourense. Con fecha 1 de xuño de 2001 incorporouse Caixanova (agora ABANCA), o 1 de xaneiro de 2003 o Concello de San Cibrao das Viñas, e o 1 de xaneiro de 2006, o de Barbadás. Con fecha 1 de xaneiro de 2015 incorporouse a Deputación Provincial de Ourense.

A Fundación Feiras e Exposicións de Ourense foi clasificada pola Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública por Orde do 23 de febreiro de 1.993, (D.O.G. nº 44, do 5 de marzo) como benéfico-privada de carácter mixto, adscribíndoa á entón Consellería de Industria e Comercio (actualmente Consellería de Economía, Emprego e Industria), e foi declarada de interese galego por Orde do 16 de marzo de 1.993 (D.O.G. nº 64, do 5 de abril), inscribíndose no Rexistro Único de Fundacións co número 1993/8.

En reunión ordinaria celebrada o día 22 de decembro de 2014 o Patronato da Fundación Expourense acordou a modificación dos artigos 6 e 7 dos estatutos da Fundación para incluír especificamente a organización de eventos deportivos e certames que poñan en valor o deporte. Así no artigo 6 dos estatutos no que se recolle o obxecto e fins da Fundación establece que son fins da mesma a promoción e fomento da actividade económica a través da celebración periódica de certames, feiras (...) deportivas, en Ourense de ámbito internacional, nacional, autonómico, provincial ou local(...).

Terceiro.- A ubicación dunha pista de atletismo cuberta na cidade de Ourense constitúe unha previsión da lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2016, reservándose unha concreta partida orzamentaria para esta actuación, a cal ten por motivación e obxectivo mellorar a dotación de infraestruturas deportivas tanto da propia cidade como de toda a Comunidade Autónoma, servindo tamén para dar maior satisfacción á crecente demanda social existente na modalidade deportiva do atletismo, e das súas respectivas especialidades deportivas.

Pola súa banda, a concreta ubicación da pista cuberta nas instalacións de Expourense responde a criterios de optimización dos recursos existentes e de redución do gasto, toda vez que suporá unha instalación deportiva cuberta sen necesidade de afrontar un novo pavillón que a comprenda, e mellorando as actuais instalacións da Fundación, que verá ampliada a súa funcionalidade, ao sumar aos feirais os usos deportivos.

Por todo o anterior, a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral para o Deporte, e Expourense, por medio do seu Vicepresidente D. , deciden subscribir este convenio que se suxeitará ás seguintes,

CLÁUSULAS:

Primeira: OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense) para a posta a disposición por por parte da citada Fundación a favor da Administración autonómica da súa instalación feiral, ao fin de que a Secretaría Xeral para o Deporte leve a cabo na mesma a construción dunha pista de atletismo cuberta, cun sistema hidráulico que permita a total compatibilidade do seu uso deportivo co uso feiral ao que actualmente se destina o espazo. Unha vez terminadas as obras, constituirase en virtude deste convenio un dereito real de uso en favor da Administración Xeral da Comunidade Autónoma que lle permitirá usar e servirse da infraestrutura, de acordo coa súa natureza, de tal modo que a Secretaría Xeral para o Deporte poida organizar actividades ou eventos deportivos no marco das súas competencias e nas condicións establecidas neste convenio.

A pista cuberta, contará con 6 calles de 200 metros de perímetro, 8 calles en pista recta, zona de lanzamento de peso, e corredores de salto de altura, de lonxitude e tripla e de pértega.

A actuación será contratada pola Secretaría Xeral para o Deporte e incluírá a contratación dos servizos de redacción do proxecto básico e de execución da pista e execución da obra que incluírá todos os traballos necesarios para a

homologación clase C da instalación por parte da Real Federación Española de Atletismo.

Segunda: FINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de DOUS MILLÓNS SETECENTOS TRINTA MIL CINCOENTA E CATRO EUROS CON CINCOENTA CENTIMOS (2.730.054,50€) IVE incluído.

A Secretaría Xeral para o Deporte abonará integramente ditas actuacións con cargo á aplicación orzamentaria 04.40.441A.632.2 (código de proxecto 2016 00004) dos seus orzamentos de gastos para o exercicio 2016, co fin de posibilitar a contratación obxecto deste convenio.

Terceira: COMPROMISOS DAS PARTES

3.1 – Corresponderalle á Secretaría Xeral para o Deporte, as seguinte obrigas:

- Á contratación e o pago das actuacións obxecto do convenio e reflectidas na cláusula primeira do mesmo.
- Á asunción dos custos necesarios para o subministro das instalacións que se requiran na obra (enerxía eléctrica, telecomunicacións, abastecemento de auga, rede de saneamento, persoal de mantemento e vixilancia, limpeza ...) incluíndo, de ser necesarios, os custos das conexións ata as redes xerais, ampliacións de capacidade de redes, centro de transformación, etc.
- A comprometerse a garantir o estado do recinto e das instalacións, facéndose responsábeis do posible deterioro que poida causar a obra nas instalacións de Expourense, e especialmente na estrutura acústica do recinto, procedendo o abono dos custos derivados dos danos que poidan causar .
- A que a execución da obra se efectúe coa maior dilixencia ao fin de respectar as actuacións feirais comprometidas e previstas no calendario da Fundación. No caso de que tivera que producirse a suspensión dalgunha feira programada e dita suspensión produxese prexuízos para a Fundación levarase a cabo unha valoración dos mesmos e calcularase a indemnización que proceda, correspondéndolle a Secretaría Xeral para o deporte repercutir a devandita contía a quen corresponda no seu caso.

3.2 – Corresponderalle á Expourense , as seguinte obrigas:

- Expourense deberá poñer a disposición da Secretaría Xeral para o Deporte as instalacións e superficie necesaria para realizar a actuación prevista, remitindo á Secretaría Xeral para o Deporte certificación acreditativa da súa dispoñibilidade. Os terreos onde se atopa o recinto feiral Expourense en Ourense deberán ser aptos urbanisticamente para

a execución das obras que se pretenden levar a cabo e estar urbanizados. Entenderanse urbanizados aqueles que se atopen dotados ao pé de parcela de subministración de enerxía eléctrica, abastecemento de auga, rede de saneamento e acceso rodado.

- Expourense comprométese á utilización das instalacións de acordo coas limitacións de uso que se recollan no proxecto técnico, en especial no que se refire as cargas admisibles e as medidas de mantemento e limpeza que se poidan empregar, que en calquera caso garantirán a viabilidade do uso feiral e do montaxe e desmontaxe das feiras. Por elo na redacción do proxecto atenderanse as recomendacións técnicas que sexan aportadas por Expourense. No caso de incumprimento destas limitacións a Fundación Expourense, farase cargo de repercutir os custos de reparación ou reposición dos elementos deteriorados a quen corresponda no seu caso.
- Finalizada a obra, Expourense comprométese a respectar o dereito de uso que se reserva a Administración Xeral da Comunidade Autónoma para a organización de actividades ou eventos deportivos no marco das súas competencias e a compatibilizar de forma eficaz o uso deportivo cos usos feirais que programe dentro da súa actividade habitual. A estes efectos, e en particular, a Fundación comprométese a subscribir un convenio coa Secretaría Xeral para o Deporte no que se precise o réxime de coordinación entre as partes para a programación por cada unha delas das súas actividades e posibilitar a utilización das instalacións con destino a actividades deportivas.
- Cumprimento da obriga de subministro de información de conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Cuarta: PUBLICIDADE DAS OBRAS

No exterior da instalación ou do recinto, fixarase un cartel informativo da natureza das obras obxecto de execución, coa indicación expresa das administracións públicas que colaboran no seu financiamento.

O tratamento tipográfico identificativo de todas as entidades e dos seus logotipos ou anagramas será idéntico.

Quinta: XESTIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS

1. Unha vez finalizadas as obras obxecto deste convenio, e asinada a acta de recepción da mesma, a Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral para o Deporte, procederá a restituír a dispoñibilidade das instalacións e superficie cedida para a realización das obras mediante un acto formal de entrega a Expourense.



En dito proceso será entregada unha memoria final de obra na que se recollan os planos finais das obras executadas, así como toda a documentación técnica vinculadas os equipamentos técnicos instalados, contemplando en cada caso as garantías de aplicación. Esta circunstancia non obviará a responsabilidade que á empresa adxudicataria lle corresponda na conservación das obras ata a recepción definitiva pola administración contratante.

2. Unha vez formalizado o acto de entrega a Expourense:

- a) A Fundación sen prexuízo do dereito de uso que se reserva a Secretaría Xeral para o Deporte, posibilitará, no ámbito das súas competencias, o uso feiral do recinto mais adecuado para coordinar a actividade feiral coa actividade deportiva, e garantindo en todo caso, por unha parte, a continuidade da actividade feiral propia da Fundación, velando porque se desenvolva con total normalidade e, por outra banda a adecuada funcionalidade da pista de atletismo e o equipamento deportivo para o uso das distintas disciplinas atléticas, todo isto no marco do convenio coa Secretaría Xeral para o Deporte aludido no parágrafo seguinte. A Fundación manterá a titularidade da infraestrutura e instalacións pero non poderá alterar a súa forma ou substancia, nin poderá facer nada nos bens que prexudique o dereito de uso da Administración Xeral da Comunidade autónoma en condicións axeitadas. Así mesmo, a Fundación realizará as actuacións que sexan necesarias para manter o dereito de uso indicado en condicións de calidade e operatividade durante todo o seu tempo de duración, facilitando as operacións que sexan precisas para a xestión, mantemento e conservación da infraestrutura deportiva.

No caso de transmisión da instalación feiral pola Fundación, o adquirente subrogarse en todo caso na posición xurídica desta. O terceiro subrogado deberá:

- Respetar o dereito de uso conferido.
 - Subrogarse en todas as obrigas que se deriven do presente convenio.
 - Asumir todas as responsabilidades pendentes da Fundación, no seu caso, por incumprimento das súas obrigas derivadas deste convenio.
- b) Para a coordinación da programación das súas actividades e posibilitar o axeitado uso deportivo da nova instalación as partes asinarán o convenio ao que se refire a cláusula terceira. En particular, e sen prexuízo doutros extremos que se estimen oportunos, o convenio

reflectirá que a responsabilidade da xestión, mantemento e conservación da instalación deportiva, así como os gastos que o seu funcionamento xere, serán a cargo da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

3. Así mesmo, unha vez finalizadas as obras comezará a vixencia do dereito de uso previsto neste convenio. Subscrito o convenio ao que se refire a cláusula terceira no que se precise o réxime de coordinación entre as partes para a programación das súas actividades e utilización das instalacións, formalizarase a constitución do dereito real en escritura pública polos órganos competentes de Expourense e a Administración Xeral da Comunidade Autónoma.

O dereito de uso da Administración Xeral da Comunidade Autónoma incluírá o dereito de realizar as melloras que estime convenientes da infraestrutura deportiva, de acordo cos mecanismos de coordinación que se establezan no convenio previsto na cláusula terceira.

A Administración Xeral da Comunidade Autónoma non poderá allear o dereito de uso regulado neste convenio a un terceiro sen consentimento previo e por escrito da Fundación, a excepción da cesión a entidades do sector público autonómico. A administración poderá por a infraestrutura deportiva de forma temporal a disposición de terceiros, mediando ou non un prezo, para a realización por estes de concretas actividades ou eventos deportivos.

Sexta: VIXENCIA E DENUNCIA DO CONVENIO

O período de vixencia do convenio comezará ao día seguinte da súa sinatura e estenderase ata a recepción das obras no que respecta á posta a disposición das instalacións por parte da Fundación.

As restantes obrigas manterán a súa vixencia ata o total cumprimento das previsións establecidas, de modo que se acaden os fins perseguidos por este convenio. En particular, o dereito de uso que se reserva a Administración Xeral da Comunidade Autónoma terá un período de vixencia de vinte anos dende a finalización das obras.

A denuncia, que poderá ser instada por calquera das dúas partes, requirirá o acordo previo do órgano competente que a pretenda, producirá efectos aos noventa (90) días da súa presentación diante da comisión á que se refire a cláusula oitava, logo da liquidación das obrigas pendentes de cumprir pola parte que a formule.

O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio será causa bastante para a súa denuncia.

Sétima: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E INTERPRETACIÓN

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, así como para a posible resolución de desavinzas que poidan xurdir, créase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes.

Na comisión de seguimento e control informarase sobre os acordos de modificacións ou variacións que poidan producirse na execución do proxecto para a súa aprobación, conforme as limitacións da normativa vixente que sexa de aplicación, non facéndose responsábel Expourense das modificacións que impliquen diminución ou redución da contía inicialmente destinada á obra así como dos posibles cambios que no presuposto inicial se poidan dar e que leven consigo incrementos no custo.

Oitava: LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN, NATUREZA DO CONVENIO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Para a confección e tramitación deste convenio observáronse as prescricións sinaladas na Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Este convenio é de natureza administrativa e, consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso - administrativa.

Baixo os termos referidos e en proba de conformidade, asínase este convenio de cooperación en triplicado exemplar no lugar e data indicados.

O Secretario Xeral para o Deporte
da XUNTA DE GALICIA

O Vicepresidente Primeiro Executivo de
EXPOURENSE:

D. José Ramón Lete Lasa

D.